

**REUNIÓN DA COMISIÓN 2.^a,
ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS
PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E
SERVIZOS**

Día: 17.01.2017 Hora: 16:00

A Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 17 de xaneiro de 2017, ás 16:00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único: Proposicións non de lei

- 1.1 1067 (10/PNC-000098)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a implantación dun servizo ferroviario de proximidade en Galicia, polo menos nas liñas Pontevedra-Vigo e A Coruña-Ferrol
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 18, do 23.11.2016
- 1.2 1110 (10/PNC-000101)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa licitación, aprobación e execución do proxecto de dragaxe do fondo da ría de Pontevedra
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 18, do 23.11.2016
- 1.3 1309 (10/PNC-000127)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para corrixir o incumprimento da normativa de recollida e tratamento de augas residuais denunciado pola Comisión Europea en Vigo, Santiago de Compostela e Aguiño-Carreira, no concello de Ribeira
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 21, do 29.11.2016
- 1.4 1562 (10/PNC-000158)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl
Sobre a realización polo Goberno galego dos trámites necesarios para a posta en marcha dos servizos solicitados polo Concello de Ferrol en relación co transporte público de viaxeiros por estrada
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 21, do 29.11.2016
- 1.5 2191 (10/PNC-000229)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para que a empresa

concesionaria das obras de ampliación da AP-9 á entrada de Vigo cumpra co compromiso de instalar as pantallas antirruído necesarias segundo a normativa vixente, así como para que adopte medidas paliativas que minimicen o seu impacto para os veciños e no seu contorno

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 32, do 21.12.2016

- 1.6 2388 (10/PNC-000248)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e Fernández Fernández, Raúl
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co deseño dun plan de eliminación, en Galicia, da cortadora ou herba da Pampa
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 36, do 28.12.2016
- 1.7 2394 (10/PNC-000249)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia destinadas a solicitar a transferencia da estrada OU-701 á Deputación de Ourense
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 36, do 28.12.2016
- 1.8 2498 (10/PNC-000257)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Castiñeira Broz, Jaime e 7 máis
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia como complemento do Regulamento da Lei do solo recentemente aprobado como ferramenta ao servizo dos concellos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 36, do 28.12.2016

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2017

Jaime Castiñeira Broz
Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Jaime Castiñeira Broz na data 09/01/2017 12:52:42

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 2.^a, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Jaime Castiñeira Broz

P

Vicepresidente

Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna

P

Secretario

Antón Sánchez García

EM

Vogais

Silvestre José Balseiros Guinarte

P

Xosé Luís Bará Torres

BNG

Marcos Cal Ogando

EM

Raúl Fernández Fernández

S

Martín Fernández Prado

P

Antonio Mouriño Villar

P

Marta Nóvoa Iglesias

P

María Luisa Pierres López

S

María Julia Rodríguez Barreira

P

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 17.01.2017 Hora: 16:00

Orde do día

1. **Proposicións non de lei**

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 17.01.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.1 1067(10/PNC-000098)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao
Goberno central para a implantación dun servizo ferroviario
de proximidade en Galicia, polo menos nas liñas Pontevedra-
Vigo e A Coruña-Ferrol

Publicación da iniciativa, 18, 23.11.2016

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa do seu deputado e portavoz suplente **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**, relativa a medidas de actuación para a creación dun tren de cercanías entre Ferrol e A Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O modelo de infraestruturas e mobilidade desenvolto en Galiza nos últimos 40 anos priorizou o transporte individual por estrada e no eido do ferrocarril a alta velocidade.

Si este país quere afrontar os retos da sostenibilidade, da loita contra o cambio climático e da redución da dependencia enerxética, o artellamento de Galiza co ferrocarril de media distancia e de proximidade debe de ser fundamental.

Será fundamental a aplicación da racionalidade no deseño das políticas, reducindo a mobilidade e fomentando o transporte colectivo, preferentemente o tren.

Galiza conta cun importante déficit nestas políticas e non conta con servizo de proximidade nas áreas de maior concentración de poboación.

Sería preciso afrontar, tamén, o artellamento do país a través da interconexión entre as principais cidades e vilas.

En moitos casos alegouse a falta de demanda para reducir e suprimir servizos, ou para non crear outros, cando en realidade si non hai demanda precisamente porque ditos servizos carecen de tempos e frecuencias axeitados.



Asumindo que as empresas de autobús tamén atenden a rendibilidade, dedúcese claramente a existencia de demanda de traslados.

Moitas conturbacións do Estado español cunha dimensión menor como poden ser espazo guipuzcoano (sobre 550.000 habitantes) e claramente superior aos espazos murciano (450.000) e cántabro (300.000 habitantes) contan cun servizo de tren de cercanías, mentras Pontevedra-Vigo e A Coruña-Ferrol, cunha poboación de arredor de 600.000 habitantes cada unha, non.

Tanto a Xunta de Galicia como o Ministerio de Fomento anunciaron xa dende o ano 2011 o compromiso da creación da Xerencia de cercanías en Galiza como paso previo ao desenvolvemento dos proxectos de implantación deste servizo no noso país.

Aínda que existen anuncios da realización de estudos de viabilidade da implantación deste servizo, seguimos sen albiscar un futuro inmediato de aposta polo tren como ferramenta de mobilidade sostible entre as nosas cidades, posto que non hai proxectos reais e a curto prazo.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a que solicite ao Goberno español:

- 1) A inmediata elaboración dun proxecto, para a implantación de servizo ferroviario de cercanías en Galiza, cando menos nas liñas Pontevedra-Vigo e A Coruña-Ferrol.
- 2) A transferencia das competencias para os servizos de cercanías, e financiación suficiente para o seu desenvolvemento e mantemento futuro.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2016 11:20
Nº Rexistro: 1067
Data envío: 14/11/2016 11:20:25.435

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 14/11/2016 11:19:16

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 17.01.2017 Hora: 16:00

Orde do día

1.2 1110(10/PNC-000101)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en
relación coa licitación, aprobación e execución do proxecto
de dragaxe do fondo da ría de Pontevedra

Publicación da iniciativa, 18, 23.11.2016



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2016 13:05
Nº Rexistro: 1110
Data envío: 14/11/2016 13:05:22.982

Á Mesa do Parlamento

O grupo parlamentar do **Bloque Nacionalista Galego (BNG)** a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luís Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Luís Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ao dragado da ría de Pontevedra.

A Xunta de Galicia, a través de Portos de Galicia, iniciou en 2011 a tramitación dun proxecto para o dragado e rexeneración da bancos marisqueiros no fondo da ría de Pontevedra, nun treito de aproximadamente 4 km entre o Clube Naval e Os Praceres, no que está previsto retirar aproximadamente 300.000 toneladas de lamas e outros sedimentos.

Despois de 6 anos de tramitación, o proxecto aínda non se fixo realidade. Esta situación está a provocar graves consecuencias para ao sector do mar, xa que impide a rexeneración e recuperación de bancos marisqueiros do fondo da ría, prexudicando especialmente o sector do marisqueo a flote que viu moi mermada nos últimos anos a súa actividade e ingresos.

A colmatación da desembocadura e a canle do río Lérez tamén prexudica a navegación deportiva e a actividade do Náutico, debido ao escaso calado da canle de navegación do río e do porto deportivo.

Malia a urxencia desta actuación, demandada en numerosas ocasións polas confrarías do fondo da ría e polo Clube Naval, Portos de Galicia excúsase na complexidade da tramitación administrativa para xustificar un retraso de máis de 6 anos



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2016 13:05
Nº Rexistro: 1110
Data envío: 14/11/2016 13:05:22.982

na elaboración, aprobación e execución do proxecto. Un record sen dúbida difícil de superar.

Desde o BNG compartimos a preocupación do sector marisqueiro e da navegación deportiva ante o retraso que vai acumulando o proxecto, o que obriga a modificalo para adaptalo aos cambios normativos e aos cambios na situación dos fondos mariños, que seguen acumulando sedimentos. Entendemos tamén que como medida compensatoria polo retraso, o proxecto deberá executarse nunha única fase, dotarse da conseguinte partida orzamentaria e licitarse no 2017.

Polo dito fórmase a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

1. Dotar dunha partida orzamentaria o orzamento do ano 2017 que permita licitar o proxecto de dragado do fondo da ría de Pontevedra nunha única fase.
2. Axilizar a aprobación do proxecto para que as obras poidan comezar ao longo do ano 2017.”

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2016

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2016 13:05
Nº Rexistro: 1110
Data envío: 14/11/2016 13:05:22.982

Deputados e Deputadas do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 14/11/2016 13:04:49

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/11/2016 13:04:59

María Montserrat Prado Cores na data 14/11/2016 13:05:03

Noa Presas Bergantiños na data 14/11/2016 13:05:04

Xosé Luis Bará Torres na data 14/11/2016 13:05:09

Ana Pontón Mondelo na data 14/11/2016 13:05:12

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 17.01.2017 Hora: 16:00

Orde do día

1.3 1309(10/PNC-000127)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para corrixir o incumprimento da normativa de recollida e tratamento de augas residuais denunciado pola Comisión Europea en Vigo, Santiago de Compostela e Aguiño-Carreira, no concello de Ribeira

Publicación da iniciativa, 21, 29.11.2016



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2016 10:31
Nº Rexistro: 1309
Data envío: 18/11/2016 10:31:00.166

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputadas **Xosé Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

A Comisión Europea anunciou este xoves que levará a España ante o Triibunal da Unión Europea (TUE) por incumprimento das normas de recollida e tratamento das augas residuais en 17 puntos do Estado, entre os que se atopan Vigo, Santiago de Compostela e Aguiño-Carreira no concello de Ribeira.

Segundo a Comisión Europea, “A falta dun nivel axeitado de recollida e tratamento das augas residuais plantexa riscos significativos para a saúde humana, as augas interiores e a contorna mariña”.

O executivo comunitario xa levou no pasado a España ante o TUE por esta situación, e unha sentenza de 2011 fallou en contra do Estado español por deficiencias en 37 puntos urbanos. Cinco anos máis tarde, esta importante cuestión segue sen solucionarse neste 17 puntos que se deron a coñecer no día de hoxe. En consecuencia, a comisión propón unha sanción de 46,5 millóns de euros, máis unha multa diaria de 171.217 euros se se mantén o incuprimento.

Segundo a lexislación vixente, son os gobernos autonómicos os que teñen competencias en materia de recollida e tratamento de augas residuais.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2016 10:31
Nº Rexistro: 1309
Data envío: 18/11/2016 10:31:00.166

Por todo o devandito, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento insta ao goberno galego a que, coa máxima urxencia, adopte as medidas necesarias para corrixir a situación que deu lugar ao incumprimento da normativa de recollida e tratamento de augas residuais en Vigo, Santiago de Compostela e Aguiño-Carreira-Ribeira.”

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2016

Asdo.: **Xosé Luis Bará Torres**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 18/11/2016 10:29:27

Olalla Rodil Fernández na data 18/11/2016 10:29:32



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2016 10:31
Nº Rexistro: 1309

Data envío: 18/11/2016 10:31:00.166

Xose Luis Rivas Cruz na data 18/11/2016 10:29:38

María Montserrat Prado Cores na data 18/11/2016 10:29:44

Noa Presas Bergantiños na data 18/11/2016 10:29:46

Ana Pontón Mondelo na data 18/11/2016 10:29:50

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 17.01.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.4 1562(10/PNC-000158)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl

Sobre a realización polo Goberno galego dos trámites necesarios para a posta en marcha dos servizos solicitados polo Concello de Ferrol en relación co transporte público de viaxeiros por estrada

Publicación da iniciativa, 21, 29.11.2016



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2016 09:30
Nº Rexistro: 1562
Data envío: 23/11/2016 19:08:37.571



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei na Comisión 2ª.

Como consecuencia da demanda existente, na zona rural no Concello de Ferrol, respecto das melloras relativas ao transporte público, e dado que os horarios actuais non dan servizo para cubrir as necesidades, incluídas as dos centros escolares e os centros de saúde, e, tras varias reunións mantidas cos veciños e veciñas afectados e afectadas e coa empresa concesionaria do servizo (Monbus), esta achega proposta para ampliar en catro servizos a liña circular que funciona actualmente.

A liña circular proposta suporía 7 servizos ao día, sendo os horarios, con saída de Ferrol, solicitados polas persoas usuarias, os seguintes: 07:30 h., 09:30 h., 12:45 h., 14:45 h., 16:30 h., 19:30 h, e 21:30 h.

Polo que o Concello de Ferrol enviou o luns día 31 de outubro á Dirección Xeral de Mobilidade a petición da posta en marcha dos servizos.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que realice os trámites necesarios, no prazo máis breve posible, para habilitar a posta en marcha dos servizos solicitados respecto do transporte público de Ferrol.

Pazo do Parlamento, 22 de novembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 23/11/2016 19:05:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2016 09:30
Nº Rexistro: 1562
Data envío: 23/11/2016 19:08:37.571



 **Grupo Parlamentario**

Raúl Fernández Fernández na data 23/11/2016 19:06:11

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/11/2016 19:06:24

Partido dos
Socialistas
de Galicia

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 17.01.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.5 2191(10/PNC-000229)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para que a empresa concesionaria das obras de ampliación da AP-9 á entrada de Vigo cumpra co compromiso de instalar as pantallas antirruído necesarias segundo a normativa vixente, así como para que adopte medidas paliativas que minimicen o seu impacto para os veciños e no seu contorno

Publicación da iniciativa, 32, 21.12.2016



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2016 10:00
Nº Rexistro: 2191
Data envío: 09/12/2016 19:15:35.228

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Alberto Pazos Couñago, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, Marta Nóvoa Iglesias, Antonio Mouriño Villar e Silvestre José Balseiros Guinarte**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión.

Exposición de motivos:

A execución das obras de ampliación da capacidade da AP-9 que está a levar a cabo AUDASA entre os enlaces de Cangas e de Teis, nun treito de 5,9 quilómetros, que inclúe a ponte de Rande, están a intensificar a inquedaanza veciñal que espertou o anuncio deste proxecto, principalmente entre os cidadáns de Teis e de Chapela.

Esta inquedaanza dos veciños vén motivada polo previsible aumento da contaminación acústica que se rexistrará neste punto unha vez estean rematadas as ditas obras de ampliación, derivada do feito de que a circulación dos vehículos se situará máis próxima ás vivendas e do probable incremento de tráfico na vía.

Sen dubida, a ampliación da capacidade da AP-9 á entrada de Vigo contribuirá a reducir os problemas de tráfico e reforzar a seguridade viario, pero cómpre ser conscientes de que esta mellora virá agravar as molestias causadas polo ruído aos veciños da zona.

Por este motivo, neste grupo parlamentario vemos necesaria a adopción de medidas que palíen as molestias que a AP-9 lles ocasiona aos cidadáns. E consideramos este momento, no que se están a levar a cabo as obras de ampliación da capacidade da AP-9, como o máis acaído para demandar da concesionaria, as actuacións paliativas comprometidas no seu momento ao Concello de Redondela para minimizar o impacto da infraestrutura ampliada.

É por isto que o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2016 10:00
Nº Rexistro: 2191
Data envío: 09/12/2016 19:15:35.228

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Fomento e a Autopistas del Atlántico S.A. para que, no marco das obras de ampliación da capacidade da AP-9 que se están a realizar na entrada de Vigo, a concesionaria proceda a cumprir co seu compromiso de instalar pantallas antirruído naqueles puntos onde sexa necesario de acordo á normativa vixente, e adopte medidas paliativas que minimicen o impacto da autoestrada e melloren a compatibilidade desta infraestrutura coa contorna construída e co día a día dos veciños”.

Santiago de Compostela 9 de decembro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 09/12/2016 19:13:40

Martín Fernández Prado na data 09/12/2016 19:13:51

Jaime Castiñeira Broz na data 09/12/2016 19:14:02

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 09/12/2016 19:14:10

Marta Novoa Iglesias na data 09/12/2016 19:14:23

Antonio Mouriño Villar na data 09/12/2016 19:14:32

Silvestre Balseiros Guinarte na data 09/12/2016 19:14:41

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 17.01.2017 Hora: 16:00

Orde do día

1.6 2388(10/PNC-000248)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e Fernández Fernández, Raúl

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia
en relación co deseño dun plan de eliminación, en Galicia, da
cortadora ou herba da Pampa

Publicación da iniciativa, 36, 28.12.2016



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/12/2016 10:16
Nº Rexistro: 2388
Data envío: 20/12/2016 10:16:10.616



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo e Raúl Fernández Fernández**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

A cortadera -tamén chamada herba da pampa- chegou a España como planta de xardín na década dos anos 80 e foise expandindo por toda Galicia. Esta especie exótica procedente da Arxentina é invasora, expándese con facilidade e, cando prende as súas raíces, estas se incrustan na terra de maneira moi profunda. A maiores, supón unha grave ameaza para a conservación da biodiversidade.

Os científicos advirten de que, canto máis tarde se actúe, maior será o custo para a súa eliminación, xa que a dinámica de crecemento desta especie é moi rápida. Din que cortar os plumeiros que ten a planta supón tan so un parche, porque volven saír e porque, en todo caso, se debe facer entre finais de agosto e principios de setembro, antes de que se formen as sementes.

No ano 2010, a Comisión 7ª acordaba por unanimidade:

- 1º Prohibir o seu uso.
- 2º Diseñar un plan de erradicación e control.
- 3º Instar ao Ministerio de Fomento do Goberno do Estado a deseñar un plan de eliminación das medianas das autoestradas de Galicia.

No ano 2013, a Comisión 2ª acordaba, de novo por unanimidade, instar ao Goberno a:

- 1º Prohibir o seu uso como planta ornamental.
- 2º Iniciar, de inmediato, un plan de erradicación e control dela en toda a Comunidade Autónoma.



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Estamos case en 2017 e media Galicia anda en guerra cos plumachos, de Vilagarcía a Folgoso do Courel, en lugares urbanos, beiras das estradas, desmontes, cultivos abandonados, terreos removidos, espazos forestais periurbanos, zonas de bosques ou plantacións abertas. Concellos e particulares toman medidas para erradicala, pero sen saber como na maioría dos casos (incluso se están a facer queimas controladas, un dos métodos desaconsellados). E o único que ten feito o Goberno (en concreto, a Consellería de Medio Rural) é sacar un folleto con recomendacións prácticas para a prevención, control e eliminación dos plumachos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Cumprir os seus (reiterados) compromisos parlamentarios de deseñar e iniciar, de inmediato, un plan de erradicación e control da cortadera en toda a Comunidade Autónoma.
2. Dirixirse ao Ministerio de Fomento do Goberno do Estado a deseñar un plan de eliminación da cortadera das autoestradas de Galicia.

Pazo do Parlamento, 19 de decembro de 2016

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 20/12/2016 10:10:57

Raúl Fernández Fernández na data 20/12/2016 10:11:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/12/2016 10:16
Nº Rexistro: 2388
Data envío: 20/12/2016 10:16:10.616



 **Grupo Parlamentario**

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/12/2016 10:11:12

Partido dos
Socialistas
de Galicia

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 17.01.2017 Hora: 16:00

Orde do día

1.7 2394(10/PNC-000249)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia
destinadas a solicitar a transferencia da estrada OU-701 á
Deputación de Ourense

Publicación da iniciativa, 36, 28.12.2016

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez e Antón Sánchez García**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.^a, relativa á transferencia da estrada OU-701 da Deputación de Ourense á Xunta de Galicia.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As estradas representan o eixe central do desenvolvemento dos pobos e das súas comunidades.

A estrada é o único medio de comunicación que está presente en todos os lugares e poboacións, polo que ordena a totalidade do territorio. As estradas ofrecen unha función social adicional básica no funcionamento do país, en tanto soporte do transporte colectivo por autobús e demais servizos de transporte público, como o transporte individual.

Requírense redes de estradas ordenadas e en boas condicións capaces de chegar a todos os lugares, tanto importantes como non tan importantes, a fin de percibir un amplo desenvolvemento viario servindo como temón que impulse cara a unha mellor calidade de vida.

As estradas bríndannos unha oportunidade de traballo para moitas persoas. Para o turismo, o comercio e a industria, o éxito dos seus pequenos e grandes negocios como paradores, depende da distribución dos seus produtos na estrada e da proximidade do consumidor que pode chegar directo ata a súa actividade por estrada.



E un factor importante como máquina central para o desenvolvemento dun territorio é o turismo. Esta actividade en gran medida depende de vías de accesos rápidas e seguras para poder maximizar os seus beneficios.

En síntese, unha estrada é sinónimo de igualdade social debido a que a mesma pode ser usada por todas as clases sociais, é un medio de comunicación que une localidades distantes e reúne desde familias, amigos, promove o turismo interno dun país, xera impactos sociais positivos creando fontes de empregos polo que contribúe co desenvolvemento económico de comunidades e do país en sentido xeral, entre moitos outros beneficios mencionados anteriormente.

A presente Proposición non de lei, máis que unha chamada, é un grito de auxilio ás distintas administracións implicadas, que teñen a obriga de saldar unha débeda histórica que permita unha adecuada articulación do territorio mediante a estrada que conforma o eixe dos concellos de Viana, Vilariño de Conso, Manzaneda e Pobra de Trives.

A primeira iniciativa, da que se ten noticia para coa construción da estrada Viana - Ourense, por Vilariño de Conso - Manzaneda – Pobra de Trives, data de 1856, fai 177 anos.

A primeira reivindicación veciñal da estrada Viana -Vilariño de Conso - Manzaneda – Pobra de Trives da que se ten noticia foi fai máis de 80 anos.

O 10 de outubro de 1929 o diario *O Sol* baixo o título “A estrada de Pobra de Trives a Viana” publicaba o seguinte telegrama: “Reunidos en Asemblea numerosas representacións dos pobos desta comarca coas autoridades gobernativas de Pobra de Trives, Manzaneda, Vilariño de Conso e Viana, acordaron pedir ao Goberno que inclúa no plan xeral de estradas do Estado o camiño veciñal de Pobra de Trives a Viana, de enorme importancia para esta rexión.



Tamén se acordou pedir o apoio da prensa e telegrafar ao Xefe do Goberno e aos ministros de Gobernación e Facenda para que apoién a demanda destes pobos. Unha numerosa comisión visitará ao ministro de Fomento”.

O certo é que ata que os intereses económicos das empresas hidroeléctricas impuxéronse aos da razón do estado e dos veciños, o soño non se fixo realidade en parte.

Hai que recordar que a década de 1950 supuxo, para a zona afectada por esta estrada, o arranque dunha situación que está marcada polas infraestruturas hidráulicas, á que acompañaban, de forma obrigada, a execución de distintos viais para satisfacer os movementos construtivos das compañías hidroeléctricas. En paralelo á inundación dos nosos vales, co conseguinte cambio climático e desprazamentos de poboación, arrinca unha articulación viaria do territorio que nos ocupa, cuxa calidade, variaba en función das empresas encargadas de levar a cabo as obras dos pantanos.

Así o 5 de novembro de 1954 anunciábase a “próxima construción da estrada Viana - Vilarino de Conso - Manzaneda - Pobra de Trives - Ourense”. Fíxoo o alcalde de Viana, Neoterio Antón Ortiz, quen ademais dixo que esta obra, “será realidade en breve prazo”. Diciase que os gastos das obras para da estrada que unirá a Viana coa capital da provincia por Vilariño de Conso figurarán no orzamento xeral do estado para 1954”.

Pero o certo é que os primeiros dez quilómetros ata Vilariño de Conso non se inaugurarían ata 1967, cando interesou á empresa construtora da presa das Portas, Saltos do Sil, poñela en servizo. Ao mesmo tempo foise adecuando o percorrido Vilariño de Conso - Manzaneda - Pobra de Trives, cunha traza sinuosa que intentou corrixirse fai unha década, pero que quedou niso, nun intento.

Dende entón, salvo algunhas leves rectificacións de curvas e reposición de firme por parte da administración competente que é a Deputación de Ourense, titular da



vía, a situación de trazado da estrada ata a súa enlace coa OU-536 apenas variou, dificultando non só o tráfico de grandes vehículos, senón tamén o dos turismos.

O percorrido, obxecto de reivindicación, arrinca en Viana, sigue ata Vilariño de Conso, para seguir dirección Manzaneda, pasando por San Cristobo, Grixoa, Reigada, San Miguel de Bidueira, Placín, Manzaneda ata a súa entronque coa OU-536. Un total de 33 quilómetros.

Os concellos consideran necesario executar as obras pertinentes, no menor prazo posible, para o melloramento e mantemento da estrada Viana - Vilariño de Conso - Manzaneda – Pobra de Trives (entronque coa OU-536).

A obrigação política da Xunta de Galicia é a de contribuír efectivamente no desenvolvemento socioeconómico dos territorios e propender por unha mellor calidade de vida dos veciños e visitantes da zona cunha estrada adecuada aos tempos actuais.

Temos que ter claro dende o Parlamento de Galicia que debemos mellorar as comunicacións por estrada en todo o eixe Viana – Vilariño de Conso – Entronque coa OU-536 co fin de diminuír a sinistralidade, aumentar a capacidade e nivel de servizo e brindarlle comodidade e seguridade aos usuarios da mesma.

Coa mellora da vía non só se facilitarán os desprazamentos intra - comarcais e intra -municipais, senón que se permitirá un acceso para os usuarios dende a futura estación ferroviaria da Gudiña, e dende da actual A-52 (Benavente – Ourense - Vigo) e todo o norte de Portugal coa Estación Invernal de Manzaneda.

Os obxectivos finais de mellora desta rede viaria é contar cunha infraestrutura viaria que incentive a reactivación do desenvolvemento económico da zona creando confianza nos usuarios habituais ou circunstanciais da vía.

Por todos estes feitos, **En Marea** realiza a seguinte **Proposición non de lei**:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1º) Solicitar á Deputación de Ourense a transferencia inmediata da estrada OU-701 e a maior celeridade nos trámites e prazos para facer efectiva tal transferencia.

2.º) Incluír a obra de mellora do trazado e o deseño da estrada, que arrancando en Viana, segue por Vilariño de Conso, Manzaneda ata o seu entroncamento coa OU-536 en Trives, nos seus plans de actuación máis inmediatos, de forma que á maior brevidade posible se acometan as obras en beneficio de todos os usuarios da devandita vía de comunicación.

3.º) Asumir o compromiso de que a devandita obra vai ser considerada prioritaria e, que polo tanto, vai quedar á marxe de calquera posible atraso.

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2016.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado do G.P. de En Marea

Voceiro S. do GP de En Marea

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 20/12/2016 12:26:20



GRUPO PARLAMENTAR

Antón Sánchez García na data 20/12/2016 12:26:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/12/2016 12:28
Nº Rexistro: 2394
Data envío: 20/12/2016 12:28:49.636



**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 17.01.2017 Hora: 16:00

Orde do día

1.8 2498(10/PNC-000257)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Castiñeira Broz, Jaime e 7 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia como
complemento do Regulamento da Lei do solo recentemente
aprobado como ferramenta ao servizo dos concellos

Publicación da iniciativa, 36, 28.12.2016



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2016 16:30
Nº Rexistro: 2498
Data envío: 23/12/2016 14:55:13.461

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernández Prado, Silvestre J. Balseiros Guinarte, Marta Novoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Daniel Varela Suanzes-Carpegna e Antonio Mouriño Villar**, ao abeiro do disposto no artigo, 160, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos

A nova lei 2/2016 do Solo de Galicia impulsada pola Xunta de Galicia crea dúas novas figuras dentro do marco normativo da ordenación do territorio: o Plan básico autonómico, para identificar os 33.000 núcleos que hai en Galicia e as súas afeccións sectoriais; e os Plans básicos municipais, que van facilitar que os concellos de 5.000 habitantes que así o soliciten poidan contar cun planeamento de calidade.

Neste marco sería necesario o desenvolvemento por parte do Goberno galego dunhas normas técnicas de planeamento, un instrumento fundamental que viría a completar o desenvolvemento normativo contido na Lei do Solo de Galicia.

A finalidade desta medida sería redactar un conxunto de normas que permitirían homoxeneizar os documentos de planeamento existentes en Galicia. Estas normas



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/12/2016 16:30
Nº Rexistro: 2498
Data envío: 23/12/2016 14:55:13.461

equivalerían a unha especie de 'libro de estilo', de planeamento ou código de sinalización, e a súa función sería a de facilitar a comprensión do cidadán e a análise por parte dos técnicos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a redactar as normas técnicas de planeamento que complementen ao regulamento da Lei do Solo, recentemente aprobado, como ferramenta ao servizo dos concellos”.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 23/12/2016 14:40:46

Jaime Castiñeira Broz na data 23/12/2016 14:40:56

Martín Fernández Prado na data 23/12/2016 14:41:02

Silvestre Balseiros Guinarte na data 23/12/2016 14:41:15

Marta Novoa Iglesias na data 23/12/2016 14:41:23

María Julia Rodríguez Barreira na data 23/12/2016 14:41:33

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 23/12/2016 14:41:55

Antonio Mouriño Villar na data 23/12/2016 14:42:04

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com